# Manual do Usuario



**1.- O menú principal:**

Na zona superior da pantalla atópase o menú principal dende o que se pode acceder a todos os contidos. O seu funcionamento é moi sinxelo, fíxese no gráfico:




Tal e como se explica para moverse pola unidade unicamente deberá de facer clic naquel apartado que queira, tras o cal aparecerá o contido escollido.

**2.- As guías didácticas:**

As frechas permiten moverse ao seguinte ou ao anterior apartado, se existise; o botón "N" permite ocultar as palabras clave que hai no texto (en grosa), para o estudo posterior. Pode resultar interesante que primeiro lea o texto con estas palabras remarcadas, logo pode suprimilas (premendo no botón "N") e ver se é quen de completar mentalmente o que o texto quere transmitir.

O altofalante ao lado dunha palabra ou dunha frase permítenos escoitar como se pronuncia. O resto dos botóns están explicados de xeito pormenorizado na guía didáctica, pero a groso modo, permítennos incorporar á pantalla principal vídeos, audios, arquivos, páxinas externas, material embebido, ...

Fíxese no seguinte gráfico para ter unha idea do que estamos falando.



**PRESENT PERFECT:**

The present perfect is formed with the helping verb "***Have***" in the present form (**have** or **has**) plus the **past participle** of a verb: *For example: He has studied English.*

If the verb is **irregular**, the past participle is the third form (write, wrote, **WRITTEN**). *For example: We have phoned her.*

Remember the spelling rules:

a) if the verb is **regular**, then you have to add "***-ed***" to the base form: work --> **worked**.

b) If a verb ends in "-e" you only add "***-d***": love --> **loved**; Like --> **liked**.

c) If the verb ends in **consonant** + **y**, you need to change "**y**" by "**i**": Hurry--> **hurried**; Sudy --> **studied**

d) If the verb has only one syllable and ends in **consonant + vowel + consonant**, the final consonant is **doubled**: stop --> **stopped**.
If the verb ends in a single consonant after one **short and stressed vowel**, this final consonant must be doubled: admit --> **admitted**; Prefer --> **preferred**
If the verb ends in "**l**" after **one short vowel**, it must be doubled: Travel --> **travelled**.

You should take care with "been" and "gone" as the past participles of the verb "to go": If you have visited Japan on holiday and then returned home, you should say: "I have been to Japan". On the contrary, If you visit Japan but you have not come home yet, you should say: "I have gone to Japan".



Este sería o formato sen omitir as palabra en negriña. Se prememos no botón "N" esas palabras resaltadas en grosa e que supoñen os puntos claves da unidade desaparecerán, permitindo así ao alumnado a posibilidade de comprobar se aprendeu o que pretendía.

### 3.- As lecturas:

Esta unidade conta cunha lectura no apartado "Cultural Spot". Para pasar páxina basta con usar as frechas laterais do teclado.





The X Games is an annual sports event which focuses on extreme sports. There are 2 games every year: The summer X-Games and the Winter X-Games. It is presented by ESPN, the sports television network. Athletes from around the world compete for gold, silver, and bronze medals, as well as money and prizes.
The X Games consists of two versions: a summer competition and a winter competition. The first summer games were held in Providence and Newport, Rhode Island, in 1995. The winter competition was added two years later, at Big Bear Lake, California. Currently, the winter games are always held in Aspen, Colorado, and the summer games are always held in Los Angeles, California.
Concurrent with competition is the "X Fest" sports and music festival, which offers live music, athlete autograph sessions, and interactive elements. All that together makes the competition one of the greatest festivals all around the world.

1

X Games events can vary from year to year, but generally they consist of different competitions of these sports:
- Skiing
- Snowboarding
- BMX biking
- Moto X Enduro
- Skateboarding.

Many X Games athletes compete in world championships. For example, Sarah Burke, from Whistler, British Columbia, Canada, has been named one of the best freestyle skiers in the world. She is a three-time X Games gold medalist. Other X Games athletes represent their countries in the Olympics. Shaun White, who has won Olympic gold medals in snowboarding, is also an X Games athlete. White, a native of Southern California, has won X Games medals in both snowboarding (at the winter games) and skateboarding (at the summer games).

2

**4.- As actividades:**

Nalgúns paquetes de actividades atoparase na parte superior con algunhas ligazóns que ao premer nelas levarano a un arquivo de axuda ou ben a algún lugar de internet onde pode consultar algo relativo ás actividades que está a facer.

Na dereita hai un índice cos números das distintas actividades; se pon o rato enriba de cada número verá o nome da actividade, facendo clic irá directamente a esa actividade. Cando se realiza unha actividade correctamente, automaticamente pasa á seguinte sen necesidade de que faga clic en ningún lado; se, pola contra, cometeu erros e debe repetir o exercicio, este recargarase automaticamente. Na maioría das actividades pode ver un símbolo de interrogación "?" que serve para comprobar se a actividade foi resolta correctamente.

Lembre que de todo o seu traballo con cada un dos grupos de actividades elabórase un informe que lle pode servir ao docente como avaliación (por exemplo mediante o envío dunha captura de pantalla) e ao alumnado de auto-avaliación. Se o desexa ver só ten que premer na esquina superior esquerda; na pantalla aparecerá as actividades, o tempo empregado en cada unha, as veces que foron feitas, se foron correctas ou non, etc. Fíxese na imaxe seguinte:



**5.- Actividades de recoñecemento de voz (Speech recognition):**

Este tipo de actividades está deseñado para a mellora da pronunciación. No momento da elaboración, non se pode executar en todos os navegadores. Polo momento precísase o uso de Google Chrome ou de Maxthon para o seu pleno funcionamento.

Para comezar débese conceder permiso a estes navegadores para acceder ao micrófono e así poder recoñecer os sons pronunciados.

Se executamos as actividades baixo chrome aparecerá unha mensaxe semellante a esta:




Simplemente prema en "permitir" e este tipo de actividades xa serían plenamente operativas.

Co navegador Maxthon, o proceso é bastante semellante. Ao abrir a actividade solicitarase de novo permiso:




No menú escollemos "permitir sempre" e xa podemos comezar a traballar. Para a realización da actividade prememos no micrófono e debemos pronunciar a palabra ou frase solicitada. O programa escribirá o son que recoñeza na caixa correspondente.

Se non é correcto, podemos volver a premer no micrófono ata que a forma escrita sexa a que nós consideramos axeitada:




Teña presente que esta actividade (ao igual que o traballo colectivo que ven a continuación), precisa ter conexión a Internet, xa que para devolver a palabra, o programa efectúa unha consulta aos servidores de Google. Nestes dous vídeo pode ver o funcionamento desta actividade:

http://leliadoura.com.es/ingles/3eso/speechgrammar2.mp4

http://leliadoura.com.es/ingles/3eso/speech-XtremeSports.mp4

**6.- Traballos Colectivos (Collaborative task):**

Son traballos que se levarán a cabo ben de xeito individual ou en grupos. Nesta unidade, o alumnado deberá colaborar entre si para entre todas e todos deseñar unha serie de actividades relacionadas cos deportes extremos na nosa área. Isto será o primeiro que vexan:



Premendo no lapis da esquina inferior esquerda o alumnado terá acceso a un control de acceso onde deben poñer o nome e contrasinal facilitado con anterioridade polo profesorado:




Logo preséntanse unha pantalla na que o usuario ou usuaria pode incluír varias cousas no seu traballo final. Na esquina inferior terán acceso a unha serie de ferramentas que poden usar:



De esquerda a dereita temos as seguintes opcións.

Na primeira podemos incluír unha imaxe como fondo:



A segunda permítenos engadir texto á nosa área de traballo:




Aquí podemos escribir o texto que figurará no espazo de traballo, o tamaño da caixa que contén o texto e que logo podemos mover, tipo de letra, tamaño, establecer unha ligazón, etc. De todos xeitos estas opcións podemos modificalas con posterioridade (vexa a imaxe da dereita). Unha vez esté no espazo de traballo podemos usar as frechas para modificar o tamaño, xiralo, se usamos a chave inglesa volvemos ao apartado anterior, e se prememos no botón da zona inferior esquerda ábrense máis opcións a maiores para darlle formato ao noso texto. Cando o teñamos listo prememos no botón de validar:






Os seguintes tres botóns permítennos de esquerda a dereita inserir unha imaxe, un arquivo de audio ou un arquivo de vídeo ao noso espazo de traballo. Na imaxe inferior pode ver os campos a definir cunha imaxe:



O sexto botón posibilítanos a inserir material embebidos (vídeo Youtube, presentación en Slideshare, póster deseñado en Canva, etc) no noso espazo de traballo.

Basta con copiar o código e pegalo no espazo en branco:




A última ferramenta permítenos debuxar ou incluír liñas ao noso antollo. Verá unha barra de ferramentas semellante á que figura neste mesmo lateral.




O número que pode ver debaixo do cadrado en negro (que nos indica a posibilidade de escoller a cor da liña) indica o grosor das liñas que teremos a posibilidade de incluír no espazo de traballo personalizando así dese xeito o noso deseño:



Tamén aparece un xestor de arquivos que permitirá ao alumnado subir as tarefas encomendadas, por exemplo o produto final do apartado "Web task", ou documentos ou audios nas seccións "writing" e "speaking" ofrecendo así outra alternativa diferente ao profesorado.

O primeiro paso sería identificarse co nome de usuario e contrasinal facilitados pola profe:




Ao entrar verán varios botóns. Entrando como estudante, verá na parte superior dous cartafoles: o seu persoal e o compartido (shared) creado polo profe:




Na parte inferior verán outros dous botóns que nos permitirán subir os arquivos:



O botón co cartafol permitirá crear outro cartafol dentro da carpeta persoal ou da compartida, e o botón coa frecha permitirá abrir un buscador de arquivos para proceder a localizar o noso. Premendo no botón de validar, o arquivo queda subido:




NOTA IMPORTANTE PARA OS/AS DOCENTES:

Se vostede accede como docente, pode optar por elaborar o seu propio xestor de arquivos ou a súa propia actividade de "póster"" co recurso de "páxinas en servidor" do programa ARDORA (http:www.webardora.net) e crear o seu propio curso con contrasinais para o seu alumnado e logo subila a un servidor se lle interesase traballar con este recurso. Abonda con poñer o mesmo nome que está nesta unidade e substituír as carpetas. Na páxina web de Ardora ten abundante información sobre como elaborar as páxinas en servidor.

Palmeira, 8 de xuño de 2019